

AQUELA TARDE

AQUELA TARDE

Apareciches bela e immaculada baixo a sombra
mimando o aire e a constelación da miña alma
de súpeto aflora a tristeza no éter do teu corpo
reflexando, como unha deusa, os ollos da miña vida.

Ai pequena e enorme muller e diva!
Por que desmaquillas o teu rostro esta tarde?
Que sentes? Cal é a dor nos adentros dos teus astros?
Por que desenfocas as pupilas e sentes o pranto?

Ese pranto que reflicta as túas meixelas, mullor e nena
esa bágoa que bendí de zume a terra
ese choro do que nace a vida e a mañá
porque ti es: amor, fecundidade, doazón e vida.

Quero que me digas a verdade da túa alma e do teu
que abandones a vergoña dos teus beizos amantes
quero que te entregues, sen medo, coma unha nena
quero que sexas ti e que me des seguridade
[dende a túa alma de nai.]

JOSÉ CARLOS ULLOA GARCÍA

José Carlos Ulloa García

